
















MAPAS CON FRONTES











Estes mapas mostran a configuración da presión en superficie usando isóbaras (liñas de igual presión), áreas de alta (A, a) e baixa (B, b) presión e as fronteas en Europa e o Atlántico Norte.

O mapa de análise presenta o estado da atmosfera á hora correspondente e os fenómenos máis relevantes observados en España. O resto son mapas previstos cada 12 horas.

SÍMBOLOS

MAPAS ANÁLISES E PREVISTOS DE SUPERFICIE	
	Fronte fría: Zona de separación entre dúas masas de aire de diferente densidade na que unha masa de aire relativamente frío, móvese de maneira que substitúe a outra masa de aire máis cálido. O seu paso está normalmente marcado pola presenza de nubes e precipitación, seguido por unha baixada na temperatura e/ou na humidade e cambio na dirección do vento.
	Fronte cálida: Zona de separación entre dúas masas de aire de diferente densidade na que unha masa de aire relativamente cálido, móvese de maneira que substitúe a outra masa de aire máis frío. A súa aproximación leva asociadas normalmente nubes e precipitación seguidas dun incremento da temperatura e/ou da humidade.
	Fronte fría/cálida en altura: É a franxa de separación entre diferentes masas de aire a niveis superiores da atmosfera pero sen alcanzar a superficie.
	Fronte fría/cálida en frontolisis: Representa unha fronte fría/cálida que está a perder identidade, é dicir, está a debilitarse. A nebulosidade e a precipitación serán cada vez máis fragmentadas.
	Pseudo fronte fría/cálida: Son sistemas frontais pouco marcados termicamente ou con pouca nebulosidade e precipitación.
	Fronte ocluída: Fórmase onde unha fronte cálida é alcanzada por unha fronte fría con desprazamento máis rápido.
	Fronte estacionaria ou de lento desprazamento: Zona de separación de masas de aire que apenas se despraza. Leva normalmente asociadas precipitación e nebulosidade.
	Liña de inestabilidade en aire frío/cálido sen organizar: Zonas, no seo dunha masa de aire frío/cálido, nas que se identifica actividade convectiva significativa (desenvolvementos nubrados, chuvascos, tormentas,...)

	Liña de inestabilidade en aire frío/cálido organizada: Zonas, no seo dunha masa de aire frío/cálido, nas que se identifica actividade convectiva (desenvolvementos nubrados, chuvascos, tormentas,...) con carácter organizado o que fai posible efectos intensos en superficie.
	Centro de baixas presións
	Centro de baixas presións relativas
	Centro de altas presións
	Centro de altas presións relativas
	Tormenta tropical: Ciclón tropical no que os ventos en superficie superan os 63 km/h pero non alcanzan os 120 km/h.
	Furacán: Ciclón tropical no que os ventos en superficie superan os 120 km/h. O Centro Nacional de Furacáns da NOAA (National Oceanic and Atmospheric Administration) é a autoridade meteorolóxica recoñecida internacionalmente para a súa catalogación e nomeamento no Océano Atlántico.

MAPAS DE ANÁLISES DE SUPERFICIE	
	Choiva
	Neve
	Chuvasco
	Sarabia
	Tormenta
	Calima
	Bruma
	Néboa
	Garoa
	Vento